

A CAIXA DOS
Sorrisos

LIBROS PARA LER,
RIR E APRENDER

OBSERVADE O MUNDO ATENTOS,
POIS HAI INVENTOS A CENTOS

CARMEN GIL
DEBUXOS ÁLEX HERRERÍAS




cumio


A **lavadora** devora,
pola boca do tambor,
roupa sucia a cada hora:
branca, negra, de color...

Que máquina, como bole!
máis bailadeira có mundo.
Dá voltas mentres engole,
sen descansar un segundo.



Este **móbil** bulideiro
nunca se sabe onde está,
pois pasa o día enteiro
indo de aquí para alá.

Pódeme soar na praia,
unha cova ou un caseto;
porque, vaia onde vaia,
lévoo comigo no peto.



Acendo o **televisor**
sempre de xeito sensato.
Hai maxia no interior
do engaiolante aparato.

Viven no gran artefacto
uns seres moi especiais
que nel entran en contacto:
bruxas, trasnos, animais...

